MEMORIA XUSTIFICATIVA

1. CONTEXTO E SITUACIÓN ACTUAL

A auga é un ben esencial e escaso tanto para os cidadáns como para a actividade económica de calquera sector e faise necesario, garantir unha subministración e un tratamento de auga seguro, previsible e sobre todo de calidade.

Para iso, requírese non só un conxunto de infraestruturas que permitan almacenar, potabilizar, distribuír e depurar a auga, senón que é imprescindible a súa correcta explotación e mantemento. É certo que nas últimas décadas, Galicia, cunha gran dispersión territorial, experimentou igualmente un enorme salto cualitativo na extensión territorial de servizos de abastecemento e depuración de auga grazas á dotación das infraestruturas necesarias. Con todo, estas infraestruturas deben de ir compasadas e acompañadas dunha boa xestión que permita prestar os servizos con calidade e eficacia para o que se precisa dunha capacidade técnica e económica que, en moitos casos, carecen os municipios galegos.

Na actualidade Galicia enfróntase a un conxunto de importantes e urxentes retos ambientais relacionados, por unha banda, co cumprimento dunha normativa europea cada vez máis esixente en materia ambiental, en concreto a Directiva 2000/60/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro, Directiva Marco da auga e, por outra, coa escaseza crecente de auga, dado que xa se empezan a percibir os efectos dun cambio climático, que presenta indicios de modificar o réxime da pluviometría da nosa comunidade dando lugar a períodos de escaseza de auga.

Neste contexto, o avanzar no cumprimento da Directiva Marco da auga e no consumo responsable, a xestión eficiente e eficaz do ciclo integral da auga convértese nun dos retos emerxentes máis importantes en materia ambiental. Un reto que é responsabilidade de todos alcanzar.

Todo iso obriga a levar a cabo unha profunda reflexión sobre o actual marco regulatorio da xestión de infraestruturas e servizos que forman parte do ciclo integral da auga para procurar unha xestión máis eficiente destas, optimizar os recursos das distintas administracións e lograr elevados niveis de calidade de servizo para todos os cidadáns.

A superación dos retos ambientais e económicos que teñen a día de hoxe os Entes Locais vese dificultada tanto pola complexidade técnica intrínseca da xestión dos servizos do ciclo integral de

CVE: s00mm7uUk1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

auga así como pola dificultade en alcanzar a sustentabilidade económica e financeira destes servizos. Nisto último, pódese afirmar que, nos Municipios con núcleos máis pequenos, o custo da prestación do servizo por habitante, nunhas mesmas condicións de calidade, é maior que nas cidades, xa que as instalacións de abastecemento e saneamento teñen uns custos fixos que hai que repartir entre menos usuarios.

En definitiva, unha boa xestión das infraestruturas que permita prestar eses servizos con calidade e eficacia precisa dunha capacidade técnica e económica da que carecen a maioría dos concellos galegos. Existe unha gran disparidade territorial tanto na cobranza dos servizos aos cidadáns como no esforzo dos concellos pola explotación das infraestruturas.

Como consecuencia de todo o anterior, actualmente en Galicia obsérvanse deficiencias tanto nas infraestruturas como na organización técnica e económica dos servizos municipais.

As anteriores consideracións aconsellan unha implicación conxunta das deputacións provinciais e da Comunidade Autónoma en colaboración cos concellos, ofrecéndolles un instrumento para a xestión do ciclo integral da auga baseado tanto na voluntariedade (requisito básico en tanto a competencia corresponde ás Entidades Locais) como a colaboración e o compromiso ambiental do cumprimento da Directiva Marco da auga, buscando unha xestión consensuada e equilibrada do ciclo integral da auga, no ámbito de competencias de cada unha das administracións implicadas.

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, regula no seu artigo 26 os servizos que, como mínimo, deben prestar os Concellos. A obrigatoriedade de tales servizos establécese en función da poboación do Municipio, aínda que o precepto sinalado establece un conxunto de servizos (entre os que se inclúen o abastecemento e a rede de sumidoiros) que deben ser prestados por todos os Municipios.

A atribución competencial realizada pola lei básica refórzase na lexislación galega. Tanto a Lei 5/1997 do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia como a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, atribúen aos Concellos competencias en materia de abastecemento, rede de sumidoiros e tratamento de augas residuais, establecendo como servizos de prestación obrigatoria por todos os Concellos, na liña da lexislación básica, o abastecemento domiciliario de auga e a rede de sumidoiros.

As Deputacións Provinciais, pola súa banda, por imperativo legal, teñen outorgadas as funcións de cooperación e asistencia aos Municipios, asegurando, especificamente, a prestación dos

CVE: s00mm7uUk1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

servizos municipais de prestación obrigatoria naqueles Concellos que carecen dos medios materiais e humanos para afrontar con éxito aquela.

A Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local reforzou o papel das Deputacións como garantes da adecuada prestación dos servizos públicos de competencia municipal. Neste sentido son competencias propias das Deputacións, entre outras, a coordinación dos servizos municipais en todo o territorio, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica, a prestación dos servizos públicos de carácter supramunicipal e, no seu caso, comarcal e a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social, así como na planificación no territorio provincial.

Pola súa banda, o artigo 30 da Lei 9/2010, de 4 de novembro, de Augas de Galicia, configura a colaboración entre administracións como un principio para conseguir os obxectivos comúns nas políticas de abastecemento, saneamento e depuración de Galicia.

Esta lei atribue á Comunidade Autónoma competencias sobre as obras de interese da Comunidade cando así estean cualificadas na súa planificación, e así mesmo, a Comunidade Autónoma e exerce comptentecias en materia de colaboración técnica e financeira coas administracións locais para un desenvolvemento máis eficaz das competencias destas e en materia de ordenación dos servizos de abastecemento e de saneamento en alta e a coordinación do exercicio das competencias das entidades locais.

Na actualidade, e en aplicación do principio de colaboración, a Comunidade Autónoma xestiona varias estacións depuradoras de augas residuais, sendo previsible que nos próximos anos este número se incremente. Esta necesaria cooperación entre administracións vén precedida da declaración de interese xeral da comunidade autónoma do servizo de depuración por parte da actualmente derrogada Lei 8/2001, do 2 de agosto, de Protección da calidade das Augas das Rías de Galicia e de Ordenación do Servizo Público de Depuración de Augas Residuais Urbanas. Na actualidade a declaración de interese xeral permanece vixente nos termos específicos establecidos na Lei 9/2010, de 4 de novembro.

Pola súa banda, como un primeiro paso cara á consecución dun modelo de xestión do ciclo integral da auga que garanta a súa sostenibilidade futura, o 4 de novembro de 2013 a Administración Autonómica galega e a Federación galega de municipios e provincias (FEGAMP) asinaron un protocolo de colaboración e desenvolvemento do pacto local para a xestión do ciclo urbano da auga. A través da posta en marcha deste pacto local, cunha participación activa dos concellos, das Deputacións provinciais e da Comunidade Autónoma, tense acadado un axeitado

CVE: s00mm7uUk1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

punto de partida para progresar na optimización da xestión da auga e na prestación destes servizos. Este acordo político foi promovido para avanzar na consecución dun modelo de xestión sostible e eficiente, sobre todo naqueles aspectos que máis lle afectan á autonomía local, de tal xeito que se poidan satisfacer os dereitos e intereses dos usuarios e consumidores da auga a través da prestación duns servizos de calidade, que permitan cumprir os obxectivos ambientais nun complexo escenario de cambio climático. As premisas fundamentais deste pacto consisten principalmente en acadar un instrumento público e integral (de todo o ciclo integral da auga), con solvencia técnica, con tarifas igualitarias e homoxéneas e con posibilidades de vías de financiamento para a realización de investimentos baseados en criterios técnicos.

Nos últimos anos, neste marco de colaboración institucional, a Xunta de Galicia continuou traballando mediante o impulso de iniciativas lexislativas co obxectivo de adaptar a xestión da auga ao contexto de cambio climático e dispoñer de ferramentas para dar unha resposta áxil e coordinada por parte das administracións públicas ante estas situacións.

Así no ano 2019 aprobouse a Lei 9/2019, do 11 de decembro, de medidas de garantía do abastecemento en episodios de seca e en situacións de risco sanitario. Unha Lei destinada a mellorar o funcionamento dos sistemas de abastecemento de auga e a coordinar de forma responsable a actuación en período de seca que ten como finalidade de garantir a subministración en cantidade e calidade idóneas á poboación, de reducir a vulnerabilidade dos sistemas e de protexer a saúde pública fronte a situacións adversas como a seca.

2. TÍTULOS COMPETENCIAIS

A Constitución Española regula o marco competencial dos distintos aspectos relacionados coas aguas, atribuíndo ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación, ordenación e concesión de recursos e aproveitamentos hidráulicos cando as augas discorran por máis dunha comunidade autónoma (concas intercomunitarias) no artigo 149.1.22 e en materia de obras públicas de interese xeral ou cuxa realización afecte a máis dunha comunidade autónoma no artigo 149.1.24. Por outra banda o artigo 49.1.23 atribúe a o Estado a competencia para ditar a lexislación básica sobre protección do medio ambiente, sen prexuízo das facultades das comunidades autónomas de establecer normas adicionais de protección

Pola súa banda, o Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, recolle diversos títulos compentenciais nos que se fundamenta esta norma.

CVE: s00mm7uUk1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

O artigo 27 atribúe á Comunidade Autónoma competencia exclusiva en materia de obras públicas que non teñan a cualificación legal de interese xeral do Estado ou cuxa execución ou explotación non afecte a outra comunidade autónoma no apartado 7; sobre aproveitamentos hidráulicos, canais e regadíos cando as augas discorran integramente dentro do territorio da Comunidade no apartado 12; e normas adicionais sobre protección do medio ambiente no apartado 30.

O artigo 28 recolle como competencia da Comunidade Autónoma de Galicia o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado nos termos que esta estableza, en materias de expropiación forzosa, contratos e concesións administrativas no ámbito das competencias propias da comunidade autónoma.

Por outra banda, o artigo 51 establece que se se regularan mediante lei do Parlamento galego o establecemento, a modificación e supresión dos seus propios impostos, taxas e contribucións especiais e das exencións ou bonificacións que lles afecten.

E o artigo 44 sinala que forma parte da facenda da Comunidade Autónoma de Galicia o rendemento das súas propias taxas por aproveitamentos especiais e pola prestación de servizos directos dea Comunidade Autónoma, sexan de propia creación ou como consecuencia de traspasos de servizos estatais.

3. OBXECTO E FINALIDADE

A presente lei ter por obxecto dar un paso máis, establecendo dun marco normativo que regule a política de xestión do ciclo integral da auga na Comunidade Autónoma de Galicia, co fin de contribuír a garantir á satisfacción das necesidades básicas de uso da auga, en condicións axeitadas de cantidade e calidade, e á protección dos recursos hídricos e dos ecosistemas acuáticos e terrestres asociados.

En concreto a lei pretende a mellora da eficiencia na prestación dos servizos públicos relacionados co ciclo integral da auga, acadar unha xestión sostible no uso da auga a través da integración dos sistemas de abastecemento e dos sistemas de saneamento e depuración así como unha xestión profesionalizada das infraestruturas e servizos asociados as mesmas, o establecemento de mecanismos disuasorios para fomentar un uso racional dos recursos hídricos e o aforro da auga, a optimización do funcionamento das redes de saneamento co fin de mellorar a depuración das augas residuais e previr a contaminación e a coordinación das Administracións

CVE: s00mm7uUk1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Públicas con competencias na xestión do ciclo integral da auga e o establecemento de instrumentos de cooperación entre elas.

4. ESTRUTURA E CONTIDO

A presente ley conten sesenta e oito artigos divididos en tres títulos, seis disposicións adicionais, dúas disposicións transitorias, unha disposición derrogatoria, tres disposicións finais e dous anexos.

O título I regula as disposicións xerais relativas ao obxecto e ámbito de aplicación da lei, adica un artigo a definicións, cunha clara vocación instrumental ou auxiliar en relación ao contido da lei, conten as finalidades da lei e os principios de actuación que deberán rexer a xestión do ciclo integral da auga.

O titulo II conten distintas medidas para mellora do ciclo integral da auga e a prestación de servizos e estruturase en tres capítulos.

No capitulo I, relativo ás medidas de mellora da ordenación da xestión do ciclo integral da auga, regulase e clarificase a figura das aglomeracións urbanas, previstas no Real Decreto Lei 11/1995, do 28 de decembro, polo que se establecen as normas aplicables ao tratamento de augas residuais urbanas, en consonancia coa maior relevancia que esta figura adquiriu na normativa comunitaria nos últimos anos.

En segundo lugar, regúlanse distintas medidas para o cumprimento das obrigas derivadas do tratamento de augas residuais urbanas, medidas relacionadas coa ordenación dos sistemas de saneamento, medidas para a mellora da xestión das augas da choiva, medidas relacionadas coa ordenación dos sistemas de abastecemento, coa ordenación dos sistemas de abastecemento, medidas para fomentar a eficiencia enerxética no ciclo integral da auga, todas elas dirixidas a realizar controis e obter información sobre o funcionamento das infraestruturas e a prestación dos servizos co obxecto de levar a cabo unha adecuada planificación, que constitúe un requisito necesario para acadar unha mellora da eficiencia na xestión.

Asi mesmo regulacomo medidas para fomentar a profesionalizaciónda xestíón, a transparencia e o intercambio de información na xestión do ciclo integral da auga.

O capítulo II relativo á prestación dos servizos do ciclo integral da auga, define en primeiro lugar os obxectivos que deben acadarse na prestación dos servizos.

CVE: s00mm7uUk1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Establece como réxime xeral a prestación conxunta e integrada dos servizos vinculados ao uso da auga, como sistema de xestión no que se aproveitan sinerxias e economías de escala moi relevantes fronte a xestión individual. Dado que a explotación conxunta permite un importante aforro directo dos custos de explotación, principalmente dos custos de persoal, o que permite dispoñer dun equipo profesionalizado e multidisciplinar compartido para a realización de tarefas de mantemento correctivo e preventivo en varias instalacións. Asi mesmo, este sistema permite a redución dos custos de subministro, xa que poden acadarse menores custos derivados da optimización de materiais e equipos así como a redución dos prezos de compra, sen prexuízo do aforro noutros custos de mantemento e conservación, todo cal pretende mellorar a eficiencia na prestación dos servizos públicos.

Por ultimo, o capítulo regula medidas destinadas a garantir a sustentabilidade e viabilidade económica na xestión do ciclo integral da auga e a calidade dos servizos.

O capítulo III contén distintas medidas dirixidas á mellora da xestión do ciclo integral da auga, regulando os supostos nos que a entidade publica empresarial Augas de Galicia pode prestar os servizos e xestionar as infraestruturas vinculadas ao ciclo integral da auga co fin de colaborar cos concellos que voluntariamente o requiran por ter dificultades para levalos a cabo por si mesmos, debido a súa carencia de recursos.

A prestación de servizos e xestión de infraestruturas de titularidade das entidades locais por Augas de Galicia articulase en base ao principio de colaboración tanto na xestión como no financiamento das inversions que no seu caso sexa necesario realizar.

Asi mesmo, prevé a colaboración na tramitación dos procedementos expropiatorios necesarios para a execución das obras de construción de infraestruturas, a execución e a explotación das actuacións que resulten necesarias para a xestión destes servizos e medidas para a protección de infraestruturas de titularidade autonómica.

O título III, relativo ao sistema de financiamento da xestión do ciclo integra da auga por Augas de Galicia, divídese en cinco capítulos.

O capitulo I regula as disposicións comúns ao réxime económico financeiro dos servizos prestados nos supostos nos que sexan prestados por Augas de Galicia, co fin de asumir o principio comunitario de recuperación de custos dos servizos relacionados coa auga (artigo 9º da Directiva marco da auga) o que motiva que a prestación dos diferentes servizos deba levar aparellada o cobro dunha taxa co obxecto de, en primeiro lugar, trasladar o custo do servizo a

CVE: s00mm7uUk1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

cada un dos beneficiarios e, en segundo lugar, salvagardar a viabilidade económica-financeira do servizo.

Os capítulos II e III relativos aos canones de xestión de depuradoras e de xestión de redes de colectores, respectivamente, e o capitulo IV sobre as normas comúns para a xestión de ambos canones regulan os elementos e cuantificación destes dous novos tributos, introducindo importantes novidades respecto ao actual canon de vertedura ao que substitúen.

Desde o ano 2012 a Comunidade Autónoma dispón dunha taxa propia de depuración (o coeficiente de vertedura) que é de aplicación naqueles concellos onde a administración hidráulica de Galicia presta o servizo de depuración. A experiencia acumulada na súa xestión puxo de manifesto a necesidade de redefinir a configuración do tributo, singularmente motivado pola diferenza entre o volume efectivamente tratado nas depuradoras e os volumes que son obxecto de gravame, producíndose unha recuperación incompleta dos custes que non é subsanable polo mero incremento das tarifas, senón que é necesario ampliar as bases impoñibles suxeitas ao tributo. Este feito, sumado á necesidade de establecer unha taxa específica para cubrir os custes asociados ao servizo de saneamento que poida prestar a Comunidade Autónoma, fai necesario a creación de dúas taxas específicas para cada servizo, procedéndose, en consecuencia, a derrogar o citado coeficiente de vertedura.

A tal efecto, mediante a presente Lei preténdese dar solución a esta disfunción creándose dous novos tributos: o canon de xestión de depuradoras e o canon de xestión de redes de colectores. Ambos tributos, cuxa natureza é a de taxa, están configurados cun sistema de dobre facturación de maneira que, por unha banda, os suxeitos pasivos son os usuarios que realicen o seu vertido a unha rede de sumidoiros cuxas augas sexan conducidas a unha rede de colectores ou depuradora, segundo sexa o caso, xestionada pola administración hidráulica de Galicia e, por outra banda, serán suxeitos pasivos as propias entidades locais titulares desa rede de sumidoiros pola auga que exceda do volume determinado no convenio regulador da asunción do servizo de depuración ou colectores.

Como principal diferenza entre estes dous novos canones atopámonos que, mentres que no canon de colectores o tipo de gravame será común para cada tipo de contribuínte, no canon de xestión de depuradoras nos usos non domésticos e entidades locais o tipo de gravame pode vir modulado pola concentración contaminante vertida, toda vez que unha menor ou menor concentración contaminante intervén de maneira directa nos custes asociados ao seu tratamento.

CVE: s00mm7uUk1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Outra novidade con respecto ao coeficiente de vertedura é o novo sistema de xestión e cobro dos baleirados de fosas sépticas en depuradoras xestionadas pola administración hidráulica de Galicia ao pasar dun modelo baseado na dispoñibilidade do servizo a un sistema no que o importe a pagar e o seu devengo vai depender do volume efectivamente tratado e do momento do efectivo baleirado na depuradora. Así mesmo, na aplicación deste novo modelo considérase adecuado configurar ás entidades xestoras das depuradoras como suxeitos pasivos substitutos do contribuínte titular da fosa séptica, obrigándoas a cobrar do titular da fosa o importe da taxa para, posteriormente, autoliquidala a Augas de Galicia.

Por ultimo, o capitulo V regula o novo canon de abastecemento que vén a gravar a prestación do servizo de abastecemento de auga por parte da Administración hidráulica de Galicia, de maneira que, ademais de configurar os seus elementos esenciais, se dea unha maior transparencia no custe do servizo naqueles concellos nos que actualmente se presta este, así como en futuras prestacións que sexan realizadas pola administración hidráulica de Galicia. Este tributo ten unha configuración moi sinxela pois os contribuíntes son as entidades locais beneficiarias do servizo e a base impoñible é o volume subministrado.

A disposicións adicionais prevén a declaración de interese público superior da xestión de determinadas infraestruturas vinculadas ao ciclo integral da auga, a acreditación do número persoas, familia numerosa e risco de exclusión social nos novos canones, a aplicación da modalidade de carga contaminante do canon de xestión de depuradoras, a habilitación á Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para actualizar os tipos de gravame dos canons creados nesta Lei e a regulación do réxime sancionador tributario aplicable.

A primeira disposición transitoria regula a actualización dos convenios de xestión de depuradoras de titularidade municipal que no momento de entrada en vigor desta Lei están sendo xestionadas por Augas de Galicia, que son as sinaladas no Anexo I, e establece a necesidade de sinatura dun convenio de colaboración nos supostos nos que este non exista e Augas de Galicia esté xestionando ditas depuradoras. E a segunda disposición regula a xestión do coeficiente de vertedura non prescrito durante o período transitorio.

A disposición derrogatoria, derroga expresamente o Capítulo III do Título IV da Lei 9/2010, do 4 de novembro.

CVE: s00mm7uUk1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Das tres disposicións finais, a primeira conten distintas modificacións da Lei 9/2010, de 4 de novembro, en relación ao canon da auga. Dentro destas modificacións destacan as motivadas polo mandato establecido na Disposición Adicional Quinta da Lei 9/2019, de 11 de decembro, pola cal no prazo máximo de tres anos desde a entrada en vigor de dita Lei, o Consello da Xunta debe aprobar e presentar un proxecto de Lei de modificación do canon da auga ou creación dun novo tributo co fin de gravar as perdas de auga en redes de abastecementos cando supoña máis do vinte por cento da auga captada.

Na presente Lei, entre as dúas opcións que sinalaba aquela Lei, optouse por gravar esas perdas mediante unha modificación do canon da auga dado que este tributo, tal e como se indica na exposición de motivos da súa Lei creadora, deriva da asunción do principio comunitario de recuperación do custe dos servizos propugnado polo artigo 9 da Directiva Marco da auga, tendo cabida as perdas en redes dentro do feito impoñible dado que as entidades locais usan a auga coa finalidade de subministrar auga potable a domicilio de xeito que, cando esta finalidade se frustra pola perdas nas redes, ese uso da auga non é obxecto de repercusión aos abonados en baixa, debendo ser a titular da rede a que asuma os custos asociados a uso da auga captada. En todo caso, e tal e como se establece no mandato da Lei 9/2019, de 11 de decembro, antes indicada, non se pretende gravar toda perda de auga na rede, senón que unicamente aquela que exceda dun ratio de perdas aceptables que, no presente caso, fíxase no 20% da auga captada. Neste punto é importante sinalar que, se ben na Lei 9/2019, de 11 de decembro, mencionase expresamente a auga captada como referencia para calcular as perdas, este concepto de auga captada debe entenderse referido tamén á auga que se recibe mediante subministración en alta pois ningunha diferenza debe existir á hora de gravar as perdas entre a auga que é captada directamente do Dominio Público Hidráulico daquela que procede dun subministro en alta efectuado por outra entidade subministradora que, en último termo, tamén realizou a captación do dominio público hidráulico, singularmente cando o propio subministro en alta non está suxeito ao canon da auga na medida en que a súa posterior distribución en baixa sexa obxecto de repercusión do canon (art. 47.1.a da Lei 9/2010) o que, a sensu contrario, vén confirmar a necesaria suxeición da auga subministrada en alta que non sexa obxecto de repercusión en baixa, como así acontece coas perdas de auga nas redes de abastecemento.

A tal fin faise unha modificación de varios artigos da Lei 9/2010, de 4 de novembro, co obxecto, en primeiro lugar, de considerar expresamente incluído dentro do feito impoñible do canon da auga as perdas de auga nas redes de abastecemento para, a continuación, crear un uso

CVE: s00mm7uUk1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

específico para estas perdas e definir como se determinan os diferentes suxeitos pasivos, a base impoñible, o tipo de gravame aplicable, así como a xestión para a súa exacción.

Outras modificacións operadas na Lei de augas de Galicia son as relativas a incorporar dentro do uso especial de produción hidroeléctrica os bombeos de auga desde o dominio público hidráulico cara os embalses; modificar as obrigas das entidades subministradoras da auga, singularmente no relativo ás declaracións de impagados; establecer a obriga de presentar e cumprimentar os modelos de declaración e autoliquidación na sede electrónica da Xunta de Galicia; ampliar a aplicación do coeficiente de zona sensible aos vertidos que sexan realizados indirectamente a ditas zonas; e regular a acreditación do número de persoas na vivenda nos usos domésticos da auga cando as ordenanzas municipais contemplen dito factor á hora de aplicar as súas taxas vinculadas ao ciclo da auga.

As disposicións derradeiras segunda e terceira regulan a habilitación para o desenvolvemento normativo e a entrada en vigor.

Por ultimo, os anexos recollen as depuradoras de titularidade municipal que no momento de entrada en vigor desta Lei están sendo xestionadas por Augas de Galicia e os volumes de depuración mensuais ordinarios de referencia de ditas depuradoras.

5. PRINCIPIOS DE BOA REGULACIÓN

A presente lei é coherente cos principios de boa regulación establecidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Cumpre cos principios de necesidade e eficacia, xa que, a través das distintas medidas que regula contribúe a garantir á satisfacción das necesidades básicas do uso da auga, en condicións axeitadas de cantidade e calidade, e á protección dos recursos hídricos e dos ecosistemas acuáticos e terrestres asociados.

É acorde tamén co principio de proporcionalidade, ao ser o medio máis adecuado para cumprir estes obxectivos, dado o principio de reserva legal que establece o Estatuto de Autonomía de Galicia para o establecemento e modificación de taxas na Comunidade Autonoma de Galicia e co principio de seguridade xurídica ao quedar engarzado co ordenamento xurídico.

CVE: s00mm7uUk1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Así mesmo, cumpre co principio de transparencia, dado que busca fomentar o coñecemento xeral dos sistemas de abastecemento e de saneamento e depuración existentes en Galicia así como o intercambio de información entre Administracións.

Por último, é coherente co principio de eficiencia sendo unha norma que prevé medidas para mellorar a prestación dos servizos públicos relacionados co ciclo integral da auga, acadar unha xestión sostible no uso da auga a través da integración dos sistemas de abastecemento e dos sistemas de saneamento e depuración asi como unha xestión profesionalizada das infraestruturas e servizos asociados as mesmas. Co este fin, establece ademais mecanismos disuasorios para fomentar un uso racional dos recursos hídricos e o aforro da auga e medidas para a optimización do funcionamento das redes de saneamento para mellorar a depuración das augas residuais e previr a contaminación.

Santiago de Compostela,

A directora de Augas de Galicia

Teresa Gutiérrez López

Asinado por: GUTIÉRREZ LÓPEZ, TERESA MARÍA
Cargo: Directora de Augas de Galicia
Data e hora: 23/07/2021 11:20:22

CVE: s00mm7uUk1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve